



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE ABRIL DO 2011.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezoito de abril de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez. Non asiste Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 11 de abril do dous mil once (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

Non houbo.-

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil con data RE 14 de abril de 2011 N° RE 1895, relativo a expediente sancionador incoado contra Aqualia, Gestion Integral del Agua, S.A. y Ayuntamiento de Ribadavia.
2. Comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Departamento Territorial de Ourense con data RE 18 de abril de 2011 N° RE 1939, relativo á resolución do procedemento do expediente sancionador (OU-RE-2011/22) en materia de residuos.
- 3.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

## 5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

### ORDE DO 3 DE MARZO DE 2011 POLA QUE SE REGULAN AS BASES POLAS QUE SE REXERA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS O COFINANCIAMENTO DA PRESTACION DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIONS LOCAIS. (PROXECTO DESENVOLVEMENTO XITANO).

“Vista a Orde de 3 de Marzo de 2011 pola que se regulan as bases polas que se rexera a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, publicada no DOGA nº 62, de 29 de marzo de 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada a prestación de Servizos Sociais, de acordo co artigo 2.1.1) e 11 da Orde, de xeito de poder continuar a prestar os servizos nas mesmas condicións que no ano anterior, para garantir a continuidade dos programas e prestación dos servizos sociais.

Segundo.- Acolleuse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada no artigo 11 da mesma.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo a Consellería de Traballo e Benestar.

Cuarto.- Dar conta o Pleno da Corporación da primeira sesión que se celebre, de acordo co sinalado no artigo 11.1.1. a) da Orde. ”

### ORDE DO 3 DE MARZO DE 2011 POLA QUE SE REGULAN AS BASES POLAS QUE SE REXERA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS O COFINANCIAMENTO DA PRESTACION DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIONS LOCAIS.

“Vista a Orde de 3 de Marzo de 2011 pola que se regulan as bases polas que se rexera a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, publicada no DOGA nº 62, de 29 de marzo de 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada a realización de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, de acordo co artigo 2.1. e 11.2 da Orde.

Segundo.- Acolleuse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude (Proxecto Desenvolvemento Xitano) coa documentación sinalada no artigo 11.2.a) da mesma.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo a Consellería de Traballo e Benestar.

Cuarto.- Dar conta o Pleno da Corporación da primeira sesión que se celebre, de acordo co sinalado no artigo 11.1.1. a) da Orde. ”



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN  
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.